ACTA NÚMERO: **40/2026**

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 1 de outubro de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria da Deputación.
-Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
-Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
-Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 24 de setembro de 2026 (Reunión 39/2026).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada". (Expte.- 2026010349).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de desenvolvemento do programa "XUVENTUDE A MAIS" obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2026047930).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona". (Expte.- 2026004327).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga). (Expte.- 2026039519).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.- 2026030393).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma parcial do pavillón do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025081293).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación de climatización en Centro de Servizos e Apoio Empresarial do polígono industrial de Barro".(Expte.- 2026039500).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Renaturalización de gradas do Centro Vacacional da Lanzada". (Expte.- 2025073312).*
10. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. (Expte.- 2025073287).*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 24 de setembro de 2026 (Reunión 39/2026).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 24 de setembro de 2026 (Reunión ordinaria 39/2026).

2. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada". (Expte.- 2026010349).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 19 de xuño de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de xuño de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/07/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe da Sección de Proxectos e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 8 de setembro de 2026, emitiron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	18,00	1,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	19,00	2,00	21,00
NAROM, S.L.	15,00	2,00	17,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Xefe da Sección de Proxectos e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 8 de setembro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora daseguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

Na mesma reunión procedeuse á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	314.491,74 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	356.849,51 €	3,00%	36 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	353.816,29 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	356.028,76 €	3,00%	36 MESES	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico administrativas que rexe este procedemento, conten valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

En virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Unha vez transcorrido o prazo establecido para xustificar o prezo das ofertas, á citada empresa non atendeu ó requirimento, polo que non se non se debe de ter en conta a efectos de valorar as ofertas de acordo cos criterios de adxudicación automática establecidos no prego de cláusulas administrativas que rexe no procedemento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO ISO 9001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,04	5,00	5,00	5,00	18,04
NAROM, S.L.	0,95	5,00	5,00	5,00	15,95

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó Órgano de Contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.

2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	18,04	39,04
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	15,00	38,00
3	NAROM, S.L.	17,00	15,95	32,95

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)" á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.., (CIF B36533537), por un importe de 428.117,71 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....353.816,29 €
IVE (21%) .....74.301,42 €
Importe Total ..... 428.117,71 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares

- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato

- Planta para a fabricación de formigóns bituminosos (mesturas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.

- Equipo de extensión de mesturas bituminosas en quente

c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 356.849,51 €

3. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de desenvolvemento do programa "XUVENTUDE A MAIS" obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2026047930).***

O Secretario da Mesa informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 7 de agosto de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de desenvolvemento do programa "XUVENTUDE A MAÍS", obradoiros de lecer educativo e educación non formal, dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 25 de agosto de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 10-09-2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

documentación administrativa e, a continuación, á apertura dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir as seguintes empresas que participan no procedemento:

-ANXEST PRODUCIONS S.L. B75674341 (lote nº 2)

-ESTUDIOS RAFER S.L. B27239136 (lote nº 1)

-NORFORMACIÓN S.L. B36343218 (lote nº 1)

Ningunha empresa achega oferta ao lote nº 3.

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "B", presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Xuventude de Reto demográfico, con data 17-09-2026, emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV: TVY7G82CS7MLJNGP, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Lote	**Empresas licitadoras**	**Criterio 1** Descrición polo miúdo da metodoloxia	**Criterio 2** Emprego técnicas novidosas atractivas	**Criterio 3** Estratexias de formación personalizada	**Criterio 4** Adaptación ao alumnado con discapacidade	**Total**
1	**NORFORMACIÓN**	12,50	11,00	5,00	7,50	**36,00**
	ESTUDIOS RAFER	12,50	11,00	4,00	5,00	**32,50**
2	**ANXEST PRODUCCIÓNS S.L.**	12,50	11,00	3,25	5,50	**32,25**
3	Non hai ofertas					

En base a dito informe, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 24 de setembro de 2026, prestou conformidade ás puntuacións acadadas, e procedeu á apertura electrónica

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

dos sobres *"C"*, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados constan no certificado da Mesa de Contratación con CSV: H7Q99VO3YXGU4R0T, e son as seguintes:

NORFORMACIÓN S.L. B36343218

1. **Prezo ofertado : sinalar o lote ao que achega oferta cun x**

		Prezo sen IVE	21% de IVE	Prezo co IVE
Prezo ofertado por obradoiro				
☒	Lote n 1 (40 obradoiros)	37.510,00 €	7.877,10 €	45.387,10€
☐	Lote n 2(48 obradoiros)	..... €	..... €	.....€
☐	Lote n 3 (14 obradoiros)	..... €	.....€	.....€

2. **Emprego de ferramentas dixitais na formación: sinalar cun x**

SI ☒ Non☐

Nota: En caso de ofertar deberán incorporar un documento descritivo. Senon achega o documento non se valora o criterio.

ESTUDIOS RAFER S.L. B27239136

1. **Prezo ofertado : sinalar o lote ao que achega oferta cun x**

		Prezo sen IVE	21% de IVE	Prezo co IVE
Prezo ofertado por obradoiro				
☒	Lote n 1 (40 obradoiros)	940 €	197,40 €	1.137,40€
☐	Lote n 2(48 obradoiros)	..... €	..... €	.....€
☐	Lote n 3 (14 obradoiros)	..... €	.....€	.....€

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

2. **Emprego de ferramentas dixitais na formación: sinalar cun x**

SI ☐ Non☒

Nota: En caso de ofertar deberán incorporar un documento descritivo. Senon achega o documento non se valora o criterio.

ANXEST PRODUCIONS S.L. B75674341

1. **Prezo ofertado : sinalar o lote ao que achega oferta cun x**

		Prezo sen IVE	21% de IVE	Prezo co IVE
Prezo ofertado por obradoiro				
☐	Lote n 1 (40 obradoiros)	..... €	..... €	.....€
☒	Lote n 2(48 obradoiros)	851,45 €	178,80 €	1.030,25€
☐	Lote n 3 (14 obradoiros)	..... €	.....€	.....€

2. **Emprego de ferramentas dixitais na formación: sinalar cun x**

SI ☒ Non☐

Nota: En caso de ofertar deberán incorporar un documento descritivo. Senon achega o documento non se valora o criterio.

As puntuacións resultantes da valoración dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, son as seguintes:

LOTE N 1	Precio	Emprego ferramentas dixitais	total
Norformación	5,007	2	7,007
Estudios Rafer	4,403	0	4,403
LOTE N 2			
Anxest producion	26,99	2	28,99

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

As puntuación totais dos sobre B+ C son as seguintes:

LOTE N 1	Sobre B	Sobre C	total
Norformación	36,00	7,007	43,007
Estudios Rafer	32,50	4,403	36,903
LOTE N 2			
Anxest produción	32,25	28,99	61,24

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1.- Declarar deserto o lote nº 3, xa que ningunha empresa achega oferta dentro do prazo de licitación.

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación dos referidos servizos, que queda da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN Lote nº 1	**EMPRESAS**	**Puntuación SOBRE B**	**Puntuación SOBRE C**	**TOTAL B+C**
1ª	NORFORMACIÓN	36	7,007	43,007
2ª	ESTUDIOS RAFER	32,50	4,403	36,903

CLASIFICACIÓN Lote nº 2	**EMPRESAS**	**Puntuación SOBRE B**	**Puntuación SOBRE C**	**TOTAL B+C**
1ª	ANXEST PRODUCION	32,25	28,99	61,24

3.- Propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, as seguintes empresas polos prezos e valores ofertados:

Lote Nº 1: NORFORMACIÓN S.L. B36343218

Lote nº 2 ANXEST PRODUCIONS S.L. B75674341

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

4. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona". (Expte.- 2026004327).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *" Adecuación e posta en valor da Rúa Hortas Reais. (Concello de Baiona"*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

    - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.
    - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo Cooperación, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

5. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga). (Expte.- 2026039519).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026 Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir a seguinte empresa:

    - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A..

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentou a empresa admitida ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

6. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña". (Expte.- 2026030393).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8201 Moraña-Santa Xusta-Couso, do P.Q. 1+100 ao 1+340. Concello de Moraña".*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026 Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

   - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
   - CONSTRUCCIONES FECHI SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

7. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma parcial do pavillón do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025081293).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2026007073 de data 03/09/226, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Reforma parcial do pavillón do Centro Príncipe Felipe". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e observa que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reforma parcial do pavillón do Centro Príncipe Felipe" por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

8. ***Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación de climatización en Centro de Servizos e Apoio Empresarial do polígono industrial de Barro".(Expte.- 2026039500).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado da área de novas Tecnoloxías e Contratación, número 2026007152 de data 08/09/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *" Instalación de climatización en Centro de Servizos e Apoio Empresarial do polígono industrial de Barro"".*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026 Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
    - COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.
    - DESEÑO, ENXEÑARIA E XESTION DE OBRAS SL
    - ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS,S.A.U.
    - ESQUEIRO, S.L.
    - ISBEROAL, S.L
    - SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO SA
    - SOLARGAL INSTALACIONES, S.L

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

9. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Renaturalización de gradas do Centro Vacacional da Lanzada". (Expte.-2025073312).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, número 2026007039 de data 3 de setembro

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Renaturalización de gradas do Centro Vacacional da Lanzada".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), observando que presentaron oferta as seguintes empresas:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA SL
- CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES
- RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.

A Mesa de Contratación comproba a través dos selos de valoración cronolóxica, que as ofertas presentadas polas empresas ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA SL e CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES, foron presentadas fora do prazo establecido no anuncio de licitación ó efecto, polo que deben de ser inadmitidas.

A continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 14001
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	129.291,41 €	2,00%	36 MESES	SI

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				PUNTUACIÓN TOTAL
	VALORACIÓN ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 14001	
RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	2,55	2,5	5,00	5,00	15,05

A Mesa de Contratación acorda:

1. Inadmitir as ofertas presentadas polas empresas ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA SL e CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNES, S.L., por presentar as mesmas fora do prazo establecido no anuncio de licitación.

2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Renaturalización de gradas do Centro Vacacional da* Lanzada" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L.	15,05

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L., de acordo co seguinte detalle:

   Importe ofertado ..... 129.291,41 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

IVE (21%).....27.151,20 €
Importe Total.....156.442,61 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 2% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L. (CIF B36501872) figura inscrita Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (número 6806) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, RODIÑO OBRAS Y TRANSPORTE, S.L, mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

   A) Acreditación da solvencia económica e financeira

   Deberase acreditar un **volume anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato. (195.107,11€)

   A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

   Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

B) Acreditación da solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar unha relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo do PCAP).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 50 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. (91.049,99 €).

Para o cómputo dos cinco últimos anos, considerarase como data de inicio ou "dies ad quo" o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

C) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 6.503,57 €

10. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial número 2026006681 de data 18/08/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de soporte e mantemento da infraestructura de almacenamento e cabinas Unity da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 20-08-2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 10 de setembro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A",

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as empresas ECONOCOM SERVICIOS S.A. (A28816379), RICOH SPAIN IT SERVICES SLU (B66068081)acordando trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do Servizo de Novas tecnoloxias.

Examinada a documentación presentada por ECONOCOM SERVIZOS, S.A. polo persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías, e para poder efectuar a valoración técnica en relación co requisito establecido no apartado 4.10.2 do Prego de Prescricións Técnicas, relativo á acreditación da condición de partner certificado do fabricante DELL, con capacidade oficial para prestar os servizos requiridos sobre a tecnoloxía UNITY, poñen de manifesto que a documentación achegada non permite determinar de forma clara e inequívoca o alcance da acreditación invocada.

En concreto, achegouse unha carta de Dell Technologies na que se acredita que ECONOCOM SERVIZOS, S.A. participa no Dell Technologies Partner Program como Channel Partner, ostentando o nivel Platinum durante 2025, así como certificados individuais correspondentes a tres profesionais coa certificación Specialist – Implementation Engineer, Dell EMC Unity Solutions Version 2.0. Esta documentación, a xuízo dos técnicos, non é unha documentación que permita acreditar de forma inequívoca o cumprimento do prego.

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías, precisa dispor dunha aclaración respecto da acreditación do requisito previsto no apartado 4.10.2 do Prego de Prescricións Técnicas, motivo polo que acorda, propor ao órgano de contratación que lle efectúe un requirimento á empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A. (A28816379) para que acredite documentalmente, de forma clara e inequívoca, ser partner certificado de DELL específicamente habilitado polo fabricante para prestar servizos de soporte e mantemento sobre a tecnoloxía UNITY obxecto do contrato e, en caso afirmativo, cal era o alcance concreto da devandita habilitación.

En data 18-09-2026 requírese á empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A. (A28816379) e con data de rexistro de entrada 23-09-2026 REX WEB 2026072619, a empesa ECONOCOM achega a aclaración.

En data 24-09-2026 a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías mediante informe conclúe que: “O licitador "Econocom Servicios S.A.", non acredita o cumprimento do requisito establecido no apartado 4.10.2 do prego de prescricións técnica, relativo á condición de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

partner certificado do fabricante DELL con capacidade oficial para prestar os servicios de soporte e mantemento sobre a tecnoloxia UNITY."

Tendo en conta o informe emitido pola Xefa do Servizo de Novas tecnoloxías relativo á valoración da documentación técnica (CSV: 83SFO10OZSMBXH1T), e o informe sobre a aclaración da empresa Econocom, as puntuacións obtidas no sobre "A" as seguintes:

CRITERIOS	MÁXIMO	RICOH
Metodoloxia de xestión do servizo	8,00	7,00
Xestión de incidencias	8,00	7,00
Plan de traballo	5,00	4,00
Total	25,00	21,50

A vista do exposto a Mesa de Contratación, acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións obtidas no sobre A "criterios avaliables mediante xuizos de valor" pola empresa RICOH SPAIN IT SERVICES SLU (B66068081), segundo constan no informe emitido pola Xefa do servizo de Novas tecnoloxias co csv 83SFO10OZSMBXH1T.

2. Propor ao órgano de contrtación excluir a Empresa Econocom, dacordo co disposto no informe emitido pola xefa do servizo de novas tecnoloxías (csv CPKM2GFY02XI32UP) no que conclúe que: "O licitador "Econocom Servicios S.A.", non acredita o cumprimento do requisito establecido no apartado 4.10.2 do prego de prescricións técnica, relativo á condición de partner certificado do fabricante DELL con capacidade oficial para prestar os servicios de soporte e mantemento sobre a tecnoloxia UNITY."

3. Que se proceda a apertura do Sobre "B" correspondente aos criterios avaliables automáticamente da empresa RICOH SPAIN IT SERVICES SLU, ao acadar dita empresa unha puntuación do 50% da puntuación correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

11. ***Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de soporte de mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2026048685).***

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres "A", procédese a continuación á apertura dos sobres "B", correspondentes coas ofertas avaliables mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima permitida no Sobre "A".

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

RICOH SPAIN IT SERVICES SLU (B66068081)

1.- Prezo ofertado sen IVE para dous anos: 64.620 euros.

2.- Ampliación dos acordos de nivel de servizo

	Tiempos de resolución segundo criticidade da incidencia		
Tipo de equipamento	**Tempo de resolución máximo**	**Coeficiente de puntación**	**Tempo de resolución ofertado (horas)**
Crítica	4 horas	0.25	4 horas
Alta	8 horas	0.25	8 horas
Media	16 horas	0.15	16 horas
Baixa	24 horas	0.10	24 horas

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

	Tempos de resposta presencial para incidencias críticas		
Criticidade	**Tempo de resolución máximo**	**Coeficiente de puntuación**	**Tempo de resolución ofertado (horas)**
Crítica	2 horas	0.25	2 horas

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Menor prezo ofertado sen IVE (Máx. 65 puntos)	**Ampliación acordos de nivel de servizo (10 puntos)**	**TOTAL Sobre B**
RICOH SPAIN IT SERVICES SLU	23,560	0,00	23,560

As puntuacións dos sobres A +B son as seguintes:

	Sobre A	**Sobre B**	**TOTAL**
RICOH SPAIN IT SERVICES SLU	21,50	23,560	45,06

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación excluir a Empresa Econocom, de acordo co disposto no informe emitido pola xefa do servizo de novas tecnoloxías (csv CPKM2GFY02XI32UP) no que conclúe que: "O licitador "Econocom Servicios S.A.", non acredita o cumprimento do requisito establecido no apartado 4.10.2 do prego de prescricións técnica, relativo á condición de partner certificado do fabricante DELL con capacidade oficial para prestar os servicios de soporte e mantemento sobre a tecnoloxia UNITY."

2. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do Servizo de soporte e mantemento da infraestructura de almacenamento e cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. que queda da seguinte forma:

Posición	**Licitador**	**Sobre A**	**Sobre B**	**Puntuación Total**
1ª	RICOH SPAIN IT SERVICES SLU	21,50	23,560	45,06

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

3. Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do Servizo de soporte e mantemento da infraestructura de almacenamento e cabinas Unity da Deputación de Pontevedra", ó licitador Ricoh Spain TI Services, que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

   A Mesa de Contratación comproba a empresa Ricoh Spain TI Services, atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflictido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. A maiores, compróbase a través do sistema de intermediación de datos que o licitador atópanse ao corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira a Ricoh Spain TI Services, mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.

Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. ***Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. (Expte.- 2025073287).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 26 de xuño de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas.*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Diario Oficial da Unión Europea con data 30 de xuño de 2026, resultando publicado o día 01 de xullo de 2026 (Anuncio 2026/S 124-2026), así como no Perfil do Contratante da Deputación de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01 de xullo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 6 de agosto de 2026, procedeu á apertura das solicitudes de participación e acordou:

1.- Admitir ás seguintes empresas, por cumprir as súas solicitudes de participación os requisitos establecidos nos pregos que rexen a contratación:

- ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045)
- OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141)

2.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) para que, no prazo de 3 días naturais, aporten a documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional e económica financeira establecida ao efecto.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 20 de agosto, procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das empresas que presentaron solicitude de participación no procedemento e, á vista das mesmas e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico-administrativo acordou:

1.- Admitir ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097), ao considerar acreditado o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia establecidos nos pregos que rexen a contratación.

2.- Propoñer ao órgano de contratación que convide ás empresas ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045), OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141), EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) a presentar a proposición, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 25 días contados desde a data do envío da invitación, nos termos establecidos nos pregos.

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión do día 28 de agosto de 2026 acordou invitar ás devanditas empresas a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato relativo ao *"servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas"*. A invitación ás empresas admitidas a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato correspondente ao citado servizo foi realizada a través da Plataforma de Contratación do

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G

Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 15/10/2026 14:21

Sector Público, en data 01 de setembro de 2026, presentando as mesmas proposición dentro do prazo establecido.

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B", correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor das empresas admitidas neste procedemento.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada do sobre "B" que presentaran as empresas invitadas ao servizo Turismo Rías Baixas, para que avalíe e pondere a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 15/10/2026 10:39

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):4H64CJIXDLH59D4G